



# CCOO INFORMA 6/24

## Axudas para facilitar a obtención dos permisos de condución clases B, C e D á mocidade galega

### En qué consiste o programa?

axudas para facilitar a obtención dos permisos de condución clases B, C e D por parte das persoas mozas residentes en Galicia coa finalidade de mellorar a súa autonomía, mobilidade e a súa empregabilidade.

### Cales son os requisitos?

Poderán solicitar as axudas as persoas mozas que cumpran os seguintes requisitos na data de presentación da súa solicitude:

- a) Ter feitos os 18 anos, sen prexuízo da idade mínima para a obtención dos permisos de clase C e D, e non ter feitos os 31.
- b) Estar empadroadas na Comunidade Autónoma de Galicia cunha antigüidade mínima dun ano.
- c) Non estar traballando por conta propia nin allea.
- d) Ter aprobado o/os permiso/s de conducir para o/os cales se solicita esta axuda con data de expedición entre o 1 de xaneiro de 2023 e a data de presentación da solicitude.

A obtención desta subvención é compatible con outras outorgadas coa mesma finalidade por todo tipo de organismos públicos ou privados nacionais, da UE ou de organismos internacionais, sen que en ningún caso o seu importe poida ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obtención do permiso de condución que se solicite.

### Contía da axuda

O importe da axuda será de 400 euros para a obtención do permiso de condución de clase B; de 650 euros para o permiso de clase C, e de 1.300 euros para o permiso de clase D.

O importe da axuda será acumulativo no caso de que unha mesma persoa solicite axuda para a obtención de dous ou dos tres permisos obxecto da orde.

A axuda aboarase unha vez obtido Permiso/s de condución da persoa solicitante. No caso de que a persoa solicitante teña aprobado o/s carné/s obxecto da solicitude pero o documento aínda non fose expedido, deberá achegarse coa solicitude a autorización temporal para conducir indicada na norma.



### **Solicitudes**

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas solicitantes poderán solicitar información e asesoramento, en relación coa convocatoria, nos teléfonos relacionados no anexo IV, e tamén, de modo presencial, nas dependencias sinaladas no citado anexo.

### **Prazo de presentación de solicitudes**

*O prazo de presentación de solicitudes iniciarase desde o 24 de xaneiro ata o día 30 de setembro de 2024, salvo que se produza con anterioridade o esgotamento do crédito orzamentario dispoñible.*

### **Máis información**

DOG núm. 15, luns 23 de xaneiro de 2024

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240123/AnuncioG0657-030124-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240123/AnuncioG0657-030124-0001_gl.pdf)

(código de procedemento BS321A).

**Secretaría de Emprego e Política Social  
Sindicato Nacional de CCOO de Galicia**